

DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA  
**CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN 1º- 2º Bac**  
**PENDENTES**

---

## **1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

### **AVALIACIÓNS PARCIAIS**

**Periodicidade coa que se farán probas escrita:** realizaranse un ou mais exames por avaliación, segundo a programación de aula de cada grupo, que ten en conta o número de estándares, o nivel do grupo e os criterios do profesorado. De acordo con estes dous derradeiros criterios, o número de probas pode variar, independentemente do sinalado na programación inicial.

En todo caso, o alumnado que non puidera realizar a proba na data prevista deberá xustificar a falta a través do mecanismo establecido no centro para poder facer o dito exame en outra data diferente á programada. O alumno que non xustifique a falta, examinarase na recuperación da avaliación correspondente.

**Cualificación das probas, traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase e a observación do traballo na aula:** nota media ponderada, segundo as porcentaxes aprobadas.

**Aspectos que se valorarán na observación do traballo na aula:** atención, esforzo, participación, interese, puntualidade, autonomía e cooperación.

**Requisitos para facer media nas probas escritas,** e así superar a avaliación: a nota mínima en cada un dos exames debe ser de 3.

**Se un alumno “copia” nun exame a cualificación será de 0.**

### **RECUPERACIÓNS**

O alumnado que suspenda unha avaliación poderá realizar unha proba de recuperación despois de cada avaliación non superada.

A recuperación da terceira avaliación (só para aqueles que suspenderon a terceira pero aprobaron as dúas anteriores) coincidirá coa da avaliación final.

Entenderase que a avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5 puntos. A nota da avaliación recuperada será de 5.

### **AVALIACIÓN ORDINARIA (maio-xuño)**

Con carácter xeral, para aprobar a materia requirirase a superación das tres avaliacións (nota de 5). A nota final resultará da media aritmética das notas das tres avaliacións parciais.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (xullo-setembro)**

Os alumnos e alumnas que non superen a materia na avaliación ordinaria do mes de xuño poderán realizar unha proba de toda a materia nas datas establecidas ao efecto pola Consellería de Educación e segundo o calendario e horario fixado polo Centro, que será cualificada de 0 a 10 puntos (NP para os que non se presenten ao exame).

A nota do exame representará o 100% da cualificación da avaliación extraordinaria.

## 2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

BACHARELATO			
	Instrumentos de avaliación	Observacións	Ponderación
A	Probas escritas	<p>Cada proba valorarase de 0 a 10 puntos.</p> <p>Realizaranse entre unha e dúas por trimestre segundo a programación de cada grupo, que ten en conta o número de estándares, o nivel do grupo e os criterios do profesorado. De acordo con estes dous derradeiros criterios, o número de probas pode variar, independentemente do sinalado na programación inicial.</p> <p>A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. Se algunha das probas non supera o mínimo de 3 puntos sobre 10, non se fará media para obter a porcentaxe indicada.</p>	100%

### Valoración:

- A valoración das probas escritas farase de acordo cos criterios de corrección establecidos polo profesor en cada unha delas.
- Na valoración das producións e prácticas, seguiranse os criterios de corrección establecidos en cada caso polo profesor.

---

## 3. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

### a) Mecanismos para o seguimento:

Reunión de seguimento durante o recreo/hora de clase que determine o profesorado encargado da materia.

Propostas de actividades e traballos para cada avaliación.

### b) Avaliación:

- Unha proba a mediados do 1º (novembro) e 2º (febreiro) trimestres.
- Unha proba global no mes de maio para os que nos aprobaran por parciais.
- Unha proba extraordinaria no mes de setembro.

### c) Cualificación de cada avaliación ordinaria:

60% o exame e 40% os exercicios e traballos propostos. A nota mínima no exame para facer media será un de 4 (sobre 10).

A cualificación final será a media aritmética das obtidas nas dúas avaliacións.

### d) Avaliación final: o exame de maio representará o 100% da cualificación final.

### e) Avaliación extraordinaria: como en maio, o exame de setembro representará o 100% da cualificación final.